

FORMACIÓN PROFESIONAL

A reforma da Formación Profesional (FP) mediante a integración dos dous sistemas, o educativo e a formación para o emprego, debe garantir a formación ao longo de toda a vida. Os ensinos convértense nunha das pedras angulares da educación, imprescindible para a mellora da produtividade e punto crave para a construción dun novo modelo máis sostible e diversificado.

A FP ten que formar profesionais con capacidade de innovación, con dominio das tecnoloxías, e con habilidades para poder moverse profesionalmente tanto na contorna nacional como no internacional. Ademais, estes ensinos teñen que ser flexibles para adaptarse aos novos sectores, sen abandonar a actualización que precisan os xa existentes, para garantir a formación ao longo de toda a vida.

A LOMLOE introduciu reformas no corpo docente que permiten integrar ao profesorado con titulación universitaria ao grupo A1, e a creación dun novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP aos que se lles seguirán esixindo os mesmos requisitos de ingreso ao corpo docente, que ata o de agora.

UGT ESIXE AS SEGUINTE MEDIDAS PARA A FP:

- Recuperación das 18 horas lectivas.
- Equiparación retributiva de todo profesorado técnico de FP co profesorado de secundaria e para o novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP.
- Redución de tarefas burocráticas que sobrecargan o labor docente.
- Aumento de persoal para facilitar desdobres e apoios, e moi especialmente naqueles con formación en talleres.
- Recuperación das horas lectivas que estaban asignadas ao módulo de FCT.
- Acceso á xefatura de departamento por parte de calquera docente da familia profesional.
- Diminución de cocientes en todos os módulos, establecendo un máximo de 25 alumnos por aula e de 15 alumnos máximo en FP Básica.
- Computar unha hora lectiva semanal para os titores de FP, independentemente de que teñan asignada ou non a FCT.
- Remuneración e incremento da función titorial a todo o profesorado de FP.
- Establecemento dunha normativa específica a nivel estatal para regulación da FCT (itinerancias, dietas, carga horaria e reducións ...) Aumento na compensación por gastos de desprazamentos aos titores de FCT Subscrición dun seguro de responsabilidade civil e unha póliza de accidentes que cubra os riscos que poidan xurdir durante o desempeño docente Asignar a condición de difícil desempeño á FP Básica.
- Renovación das infraestruturas e equipamentos dos actuais centros.

- Formación e actualización específica ás Familias Profesionais, en horario de traballo e con gastos retribuídos, así como potenciar os convenios de colaboración coas empresas para a formación do profesorado.
- Potenciar acordos para a formación e prácticas do profesorado en entidades punteiras tanto a nivel nacional como no estranxeiro.
- Aumento do número de orientadores en función do número de alumnado e as súas necesidades; e creación do posto se non se contempla.
- Establecer un máximo de 3 anos para a condición de “expectativa de destino” Aplicación da normativa de Saúde Laboral na FP, sobre todo, polos riscos que hai nas aulas taller e elaborar un catálogo específico de FP en prevención e saúde laboral.
- Acceso do profesorado de FP a impartir o Máster de Formación do Profesorado así como á tutorización coa retribución correspondente.
- Redución da duración das sesión nos CIFP é a excesiva duración da sesións ao ser de 60 minutos, en vez de 50, como é o caso dos IES que imparten FP.
- Mellora na frecuencia dos procesos selectivos que en moitas especialidades están moi separados sendo habitual xubilarse como profesorado interno.
- Maiores investimentos en formación para o profesorado, dada a especificidade de moitas especialidades, con horarios e formación flexibles para a conciliación da vida familiar e persoal.

Propostas referentes á FP básica:

- Redución do ratio actual de 18 alumn@s, ao 50%, é dicir un máximo de 9 alumn@s, especialmente nas FP con contidos de taller perigosos.
- Máximo investimento posible en RRHH (profesorado) xa que estamos ante os grupos máis vulnerables.
- Vixilancia por parte de INSPECCIÓN EDUCATIVA, para que o mestrado encargado da impartición sexa polo menos dun 50% con destino definitivo no centro.
- Axuste do horario para que ningún profesor poida dar máis do 50% da súa carga lectiva na FP BÁSICA.
- Flexibilidade curricular en función da natureza particular do grupo en cuestión.